



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06
C.I.F.: P-1502200-G

ACORDOS DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA VINTESEIS DE OUTUBRO DE 2015.

PRESIDENTE

Sr. D. Pablo Diego Moreda Gil

CONCELLEIROS

Dona M^a José Rodríguez Pérez
Don José Camilo Casal García

AUSENTES:

Don Manuel Pérez Riola

SECRETARIA:

Dona Ana Velo Ruiz

INTERVENTOR:

Don Jorge Manuel Vidal Zapatero

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Cedeira, ás doce horas e vintecatros minutos do día vinteseis de outubro de dous mil quince, reúnese a Xunta de Goberno Local co obxecto de realizar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Sres./Sras. concelleiros/as que se relacionan á marxe, actuando como Secretario o titular da Corporación dona Ana Velo Ruiz, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 113 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, para a válida realización das sesións da Xunta de Goberno Local, declara aberta esta, pasándose ó estudio e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

1.- APROBACIÓN, SI PROCEDE, DA ACTA DE 13.10.2015

De conformidade co preceptuado nos artigos 36 e 91 do R.O.F., a Presidencia pregunta se existe algunha obxección a acta da sesión realizada en data 13.10.2015 e ao non producirse ningunha, a Presidencia somete a votación ordinaria a súa aprobación, da que resulta aprobada por unanimidade dos Sres./Sras. Concelleiros/as.

2.- EXP. OBRA MAIOR 2015/U008/000001

Acordos adoptados:

1º) Conceder, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro, a licenza municipal de obra maior solicitada.

A presente licenza concédese coas condicións citadas no informe técnico de data 01/06/2015. 2º) As obras executaranse de acordo co proxecto autorizado no encabezamento.

3º) Advertir ó propietario ou promotor que, unha vez rematadas as obras, deberá comunicar ó Concello este feito e presentar perante a Xerencia Territorial do Centro de Xestión Catastral e Cooperación Tributario ou neste Concello que, á súa vez, remitirá a ásta a documentación de acordo coa lexislación vixente.

De conformidade co disposto no artigo 4.2 da Ordenanza fiscal reguladora do imposto de construcións, obras e instalacións, deberá presentar a autoliquidación do referido imposto no prazo de un mes a contar desde a recepción da notificación do presente acordo, a autoliquidación que terá carácter provisional.

4º) Que se dilixencie o proxecto técnico obxecto desta licenza e os planos que se refiran ás condicións urbanísticas.

5º) Incluir na notificación do acordo as condicións xerais da licenza aprobadas na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o 25 desembro de 2007.

3.- EXP. OBRA MAIOR 2015/U008/000016

Acordos adoptados:

1º) Conceder, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro, a licenza municipal de obra maior solicitada.

A presente licenza concédese coas condicións citadas no informe técnico de data 13/10/2015.

2º) As obras executaranse de acordo co proxecto autorizado no encabezamento.

3º) Advertir ó propietario ou promotor que, unha vez rematadas as obras, deberá comunicar ó Concello este feito e presentar perante a Xerencia Territorial do Centro de Xestión Catastral e Cooperación Tributario ou neste Concello que, á súa vez, remitirá a ásta a documentación de acordo coa lexislación vixente.

De conformidade co disposto no artigo 4.2 da Ordenanza fiscal reguladora do imposto de construcións, obras e instalacións, deberá presentar a autoliquidación do referido imposto no prazo



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

de un mes a contar desde a recepción da notificación do presente acordo, a autoliquidación que terá carácter provisional.

4º) Que se dilixencie o proxecto técnico obxecto desta licenza e os planos que se refiran ás condicións urbanísticas.

5º) Incluir na notificación do acordo as condicións xerais da licenza aprobadas na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o 25 de setembro de 2007.

4.- PRÓRROGA LICENZA OBRA MAIOR 2010/008/000003

Acordos adoptados:

1º) Conceder, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro, a prórroga da licenza municipal de obra maior solicitada.

2º) As obras executaranse de acordo co proxecto autorizado no expediente de referencia.

3º) Advertir ó propietario ou promotor que, unha vez rematadas as obras, deberá comunicar ó Concello este feito e presentar perante a Xerencia Territorial do Centro de Xestión Catastral e Cooperación Tributario ou neste Concello que, á súa vez, remitirá a esta a documentación que cumpra segundo a lexislación vixente para a alta da vivenda no Catastro de Bens Inmóbeis de Natureza Urbana.

4º) Incluir na notificación do acordo as condicións xerais da licenza aprobadas na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o 25 de setembro de 2007.

5.- EXP. ACTIVIDADE 2015/U013/000013

Acordos adoptados:

1.- Conceder a licenza de actividade solicitada para a apertura dun comercio menor de toda clase de artigos de regalo e menaxe do fogar (bazar).

2.- As licenzas entenderanse outorgadas a salvo de dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros. A concesión desta licenza non exime, ó seu titular, da obtención doutras autorizacións a que haxa lugar segundo a normativa sectorial vixente.

6.- APROBACIÓN DE FACTURAS

Acordos adoptados:

Nº REX	Fecha Dto.	Texto Explicativo	Prg.	Ec.	Importe
F/2015/798	05/05/2015	FRA C/43 FABRICACION, SUMINISTRO Y COLOCACION DE CIERRE EN SOLAR DELANTE DEL CONCELLO	450	60900	2.783,00 €
F/2015/811	11/05/2015	FRA 685 COLOC. BARAND. MADERA PINO ROJO ACAB. NOGAL (CANTIDAD 48) Y 50 BASES METALICAS ANCLAJE BARANDILLA	450	60900	3.049,20 €



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

F/2015/887	19/05/2015	LIMPEZA DAS FONTES MUNICIPAIS VILA DO RIO, A PASADA E A CORREDEIRA, EN PARROQUIA DE SAN ROMAN	450	22799	2.876,17 €
F/2015/1902	201/10/2015	Redacción de Proxecto de construción de 78 nichos e 26 ceniceros no cemiterio municipal de Cedeira (A Coruña)	450	22706	1.488,30 €
F/2015/1914	30/09/2015	Tratamento RU Mes Setembro 2015 (AYUNTAMIENTO DE CEDEIRA)	1623	22799	17.417,76 €
F/2015/1939	30/09/2015	Carta Certificada GE 0 - 20 gr N LOCAL G-0 (01 EXENTO) / Carta(I) 0 - 20 gr N ESTADOS UNIDOS (01 EXENTO) /Carta(N)	920	22201	493,50 €
F/2015/2033	16/08/2015	ACTUACIÓN DE LA PEGATINA EL DÍA 16 DE AGOSTO DE 2015	334	22710	13.310,00 €
F/2015/2041	31/08/2015	ENTREGA DE MAQUINARIA (OBRA: FIESTAS CEDEIRA) / RECOGIDA DE MAQUINARIA (OBRA: FIESTAS DE CEDEIRA) / CASETA SANITARIO	334	22710	1.187,74 €
F/2015/2042	16/10/2015	Fra. 602 de 16-10-2015 diccionario toponimico do Concello e a Ria de Cedeira	912	22601	20,00 €
F/2015/2043	18/10/2015	Fra. 2/2015 Actuación no concello o día 18-10-2015	334	22710	900,00 €
F/2015/2044	03/10/2015	Fra. 439/2015 Espectaculo Nabiza Girl de Isabel Risco o día 3-10-2015 no auditorio	334	22710	468,10 €
F/2015/2045	17/10/2015	Fra. FF-000445-2015 Int. astro nova city orbis cantidad 2	165	22199	350,90 €

TOTAL: 44.344,67€

7.- RECURSO RECIBO TERRAZAS INFORME 36.2015

Acordos adoptados:



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

PRIMEIRO.- ESTIMAR o recurso presentado por D. Jose Manuel Valiño Carro e ANULAR os seguintes recibos por non producirse o feito impositivo no exercicio 2014 e duplicidade na emisión dos recibos:

Nº FIXO	ID VALOR	EXERCICIO	COTA
5430007530	20143515022ME01R00	2014	375 00 €
5430007530	20143515022ME01R00	2014	403 50 €

SEGUNDO. COMUNICAR estes acordos á Excm. Deputación Provincial da Coruña para o seu coñecemento e a tramitación oportunos.

8.- APROBACIÓN LISTA COBRO SERVIZO UTILIZACIÓN INSTALACIÓNS DEPORTIVAS OUTUBRO 2015 A XUÑO 2016

Acordos adoptados:

1º) A aprobación da lista de cobro do servizo correspondente ó curso 2015/2016 meses de outubro de 2015 a xuño de 2016, que se compón de 10 obrigados ó pagamento ascendendo a un total de 1635,17 €

2º) Que se continúe coa recaudación das cantidades.

9.- APROBACIÓN LISTA COBRO SERVIZO UTILIZACIÓN INSTALACIÓNS DEPORTIVAS OUTUBRO A DECEMBRO 2015

Acordos adoptados:

1º) A aprobación da lista de cobro do servizo correspondente ó primeiro trimestre do curso 2015/2016 meses de outubro, novembro e decembro de 2015, se compón de 7 obrigados ó pagamento ascendendo a un total de 285,51 €

2º) Que se continúe coa recaudación das cantidades.

10.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN Á ASOCIACIÓN MARES DE CEDEIRA

Acordos adoptados:

Primeiro.- Conceder a subvención a Asociación Mares de Cedeira, segundo as seguintes estipulacións:

Obxecto da subvención: Reparacións Asociación.

Exercicio: 2015

Importe gasto xustificado: 2.929,97 €

Importe da subvención: 2.929,97 €

Porcentaxe de gasto subvencionable: 100%

Segundo.- Aprobado o gasto por importe de 2.929,97 euros e recoñecer as obrigas polo mesmo importe na partida 333.789.00.

Terceiro.- Aprobado a xustificación presentada no rexistro xeral con data 1 de outubro de 2015 (rex. entrada núm. 6122)



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

11.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN Á ANPA O BECO DO IES PUNTA CANDIEIRA

Acordos adoptados:

Primeiro.- Conceder a subvención a ANPA O BECO do IES Punta Candieira, segundo as seguintes estipulacións:

Obxecto da subvención: Gastos diversos (compra libros, pase película e cota federación ANPAS)

Exercicio: 2015

Importe gasto xustificado: 1.626,25€

Importe ingresos: 254,00€

Importe da subvención: 1.372,25€

Porcentaxe de gasto subvencionable: 91,48%

Segundo.- Aprobar o gasto por importe de 1.372,25 euros e recoñecer as obrigas por importe de 1.372,25 € na partida 324.489.00

Terceiro.- Aprobar a xustificación presentada no rexistro xeral con data 2 e 14 de outubro de 2015 (rex. entrada núm. 6162 e 6420)

12.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN Á COMISIÓN DE FESTAS DE RÉGOA

Acordos adoptados:

Primeiro.- Conceder a subvención para o ano 2015 á Comisión de Festas de Régoa, segundo as seguintes estipulacións:

Obxecto da subvención: Gastos orixinados con motivo das festas.

Exercicio: 2015

Importe gasto xustificado: 1.004,92€

Importe da subvención: 300,00€

Segundo.- Aprobar o gasto por importe de 300,00 euros e recoñecer as obrigas por importe de 300,00 € na partida 334.489.00.

Terceiro.- Aprobar a xustificación presentada no rexistro xeral con data 11 de setembro de 2015 (rex. entrada núm. 5680) que se completou o día 7 de outubro de 2015 (rex. entrada 6309)

13.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN Á ANPA PICAPEIXE DO CEIP NICOLÁS DEL RÍO

Acordos adoptados:

Primeiro.- Conceder a subvención á ANPA "Picapeixe" do CEIP Nicolás del Río, , segundo as seguintes estipulacións:

Obxecto da subvención: Fotocopias, libros, conta contos e material para a ANPA.

Exercicio: 2015

Importe gasto xustificado: 616,07 €

Importe da subvención restante: 595,18€

Porcentaxe de gasto subvencionable: 100,00%

Segundo.- Aprobar o gasto por importe de 595,18 euros e recoñecer obrigas, segundo o gasto



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

xustificado, por importe de 595,18 €, na partida 3232.489.00.

Terceiro.- Aprobar a xustificación presentada no rexistro xeral con data 14 de outubro de 2015 (rex. entrada núm. 6421)

14.- RECURSO DE REPOSICIÓN POLOS VAOS Nº 307 - 308

Acordos adoptados:

Destimar o recurso presentado por Dona C. G. G., en relación cos recibos da taxa pola entradas de vehículos a través de beirarrúas que se sinalan deseguido, por ser correctos conforme os datos que figuran no expediente.

Nº fixo	Cota x plaza	Nº plazas	Cota anual (€)
503000498632	7 (€/ano)	34	238
503000498633	7 (€/ano)	34	238

15.- APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN Nº 3 E CERTIFICACIÓN FINAL DA OBRA ACONDICIONAMENTO DA PRAZA DO FLOREAL (POS 2014)

Acordos adoptados:

1.- Aprobar a certificación núm. 3 da obra "Acondicionamento da Praza do Floreal" polo importe de 12.121,02 euros.

2.- Aprobar a certificación final da obra "Acondicionamento da Praza do Floreal" polo importe de 0,00 euros.

3.- Aprobar a factura núm. FE15 57.00 de data 25.09.2015 polo importe de 11.644,81 euros correspondente á certificación de obra núm. 3..

4.- Aprobar a factura correspondente ao control de calidade externo contratado polo Concello da empresa 3C Calidade y Control, S.L. (fra. núm. 14/00163), polo importe de 4.495,82 euros.

5.- Modificar o importe inicial da adjudicación da obra, acordado pola Xunta de Goberno Local de data 09.07.2014, recoñecendo a baixa en 1.935,73 euros, polo que o importe adjudicado quedaría en 130.771,44 euros.

6.- Notificar este acordo á empresa adjudicataria e ao director da obra.

7.- Dar traslado aos servizos municipais de Intervención e Tesourería; así como ao de Contratación.

16.- APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN Nº 1 (FINAL) DA OBRA PAVIMENTACIÓN DE PISTA MUNICIPAL EN FREIXIDO

Acordos adoptados:

1.- Aprobar a certificación núm. 1 (final) da obra "Pavimentación de pista municipal en Freixido" por un



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

importe de 29.778,81 euros, e o recoñecemento da obriga

2.- Aprobar a factura núm. 25.00 de data 02.06.2015 polo importe de 29.449,61 euros.

3.- Descontar do pagamento da factura anterior o importe non xustificado do control interno de calidade, o cal ascende a 912,85 euros.

4.- Remitir á Deputación Provincial a documentación que corresponda para os efectos xustificativos do cumprimento do Convenio núm. 266/2014 de data 04.11.2014.

5.- Notificar este acordo á empresa adxudicataria e ao director da obra.

6.- Dar traslado aos servizos municipais de Intervención e Tesourería; así como ao de Contratación.

17.- APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN Nº 2 (FINAL) DA OBRA PAVIMENTACIÓN DE VIAIS MUNICIPAIS: A REVOLTA, LUDEIRO E A PRESA (POS ADIC. 1/2014)

Acordos adoptados:

1.- Aprobar a certificación núm. 2 (final) da obra "Pavimentación de viais municipais: A Revolta, Ludeiro e A Presa" por un importe de 10.942,22 euros, e remitila á Deputación Provincial para os efectos xustificativos da execución da antedita obra.

2.- Aprobar a factura núm. 182.00 de data 02.07.2015 polo importe de 10.841,56 euros.

3.- Notificar este acordo á empresa adxudicataria e ao director da obra.

4.- Dar traslado aos servizos municipais de Intervención e Tesourería; así como ao de Contratación.

18.- DAR CONTA DA REMISIÓN DA CONTA XERAL 2014

Dase conta á Xunta de Goberno Local do informe de Intervención de data 14.10.2015.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

19.- ASUNTOS VARIOS

19.1.- Dase conta á Xunta de Goberno Local da resolución de alcaldía nº 479 de 20.10.2015.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

19.2.- Dase conta á Xunta de Goberno Local da resolución de alcaldía nº 485 de 22.10.2015.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás doce horas e cincuenta e tres minutos do expresado día.